

**O Coro Cantemos de
Ponteareas está de
parabéns**

Páxina 4

**1ª Feira de Ensinanzas
Profesionais e
Artísticas**

Páxina 5

**Covelo dedica rúas a
José Costa e a José
Fernández Muradás**

Páxina 9

**Guarda aproba a cesión
do Centro de Saúde ao
SERGAS**

Páxina 17

**Valença vira-se para
o río**

Páxina 19

O Concello do Porriño terá novo orzamento por primeira vez dende 2012



O Porriño estreará orzamentos logo de seis anos de prórrogas – hai que lembrar que o goberno do PP non foi quen de aprobalos entre 2012 e 2015 maila a ter maioría absoluta- das contas municipais tra-lo acordo acadado pola alcaldesa cos voceiros de EU-SON, Pedro Ocampo, BNG, Pedro Pereira, e a concelleira do Grupo de Non Adscritos, Sabela Landín.

As contas que ían este xoves a un Pleno Extraordinario, serán ratificadas a semana que ven nunha nova xuntanza da Corporación, tempo que será necesario para incorporar as propostas, negociadas ata apenas 2 horas antes do comezo do Pleno e, subliña Eva García de la Torre, “abren tamén unha marxe para intentar sumar aos oito concelleiros do Partido Popular”.

Óptica mahen
mahen audióprótesis Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

CONDADO / PARADANTA

AS NEVES / SALVATERRA

Ana Pontón reclama un plan de reordenación do monte, aprobar o PLADIGA e para o Plan Forestal

Na súa visita a zona cero no concello das Neves, a portavoz do BNG denuncia que despois de tres meses, as persoas afectadas polos incendios aínda non cobraron as axudas

A portavoz nacional do BNG, Ana Pontón reclama dende o concello das Neves “un plan de ordenación do monte” para que non se repita no ano 2018 outra devastación de Galiza como a vivida o pasado mes de outubro coa vaga de lumes.

Na súa visita a “zona cero” no concello das Neves, a nacionalista afirmou que o goberno galego non abordou o “grave problema ambiental, alto custe en vidas humanas e perdas económicas dos lumes”. Neste sentido, asegurou que o Goberno de Feijóo non quere aceptar que o problema está relacionado “co abandono do rural e cun modelo forestal fracasado”.

Ana Pontón acompañada do deputado por Pontevedra, Luís Bará e o rexedor das Neves, Xosé Manuel Rodríguez visitou varias zonas do concello afectadas gravemente polos incendios e denunciou que tres meses despois da vaga de lumes moitas persoas afectadas aínda non cobraron as axudas, ademais, dixo, o goberno do Estado nin sequera publicou os decretos para que as institu-

cións persoas afectadas podan acollerse ás axudas anunciadas.

Para a dirixente do BNG, é o momento de pensar en medidas a medio prazo que eviten volver a vivir os incendios do mes de outubro polo que o BNG, recalcou Pontón, defenderá no Parlamento galego unha proposta para poñer en marcha “un Plan de Ordenación do monte” fronte os incendios forestais. “Unha medida de ordenación do territorio delimitando as franxas de protección e sobre a súa articulación. O problema do monte é “un problema colectivo” e necesita dunha figura de ordenación do territorio e esta medida pode mudar a situación de maneira real contra os incendios.

Este Plan de Ordenación debe ir acompañado doutras medidas entre as que destacou a aprobación do PLADIGA antes de Semana Santa, para axilizar os traballos de prevención e non agardar a época de maior risco de incendios, porque os lumes, explicou, “non se apaga no verán, o lume apágase no inverno”. Para protexer as nosa in-



fraestruturas e vivendas, a Xunta debe paralizar o debate sobre o plan forestal porque o modelo “non vale” e debemos dar un xiro de 180º cara un modelo axeitado. Por outra parte, o BNG tamén defenderá unha mesa de diálogo cos traballadores e traballadoras para unificar o servizo de extinción de incendios cun operativo que dependa da Xunta de Galiza para coordinar adecuadamente o dispositivo.

Tres meses despois da vaga de lumes, a Xunta “non tomou nota do que pasou” e vemos que non hai vontade de cambiar as cousas. O monte debe ser multifuncional e para iso temos que cambiar o modelo actual de xestión do monte cun novo plan forestal que cambie o monocultivo do eucalipto por madeiras de calidade e frondosas.

Pola súa parte, o alcalde das Neves, Xosé Manuel Rodríguez reiterou que o BNG mantén unha postura firme na defensa da “rexeneración do noso te-

ritorio” e no caso das Neves, “debe ser reconstruído dende o punto máis cercano do Río Miño ata o punto máis ao Norte despois da Autovía”. Para o rexedor nacionalista, a recuperación do concello é urxente e lembrou que tralos incendios de outubro foi enviado un amplo informe á Xunta de Galiza solicitando “unha mirada singular cara este concello para facilitar o traballo de recuperación”.

Xosé Manuel Rodríguez manifestou que o concello pode asumir o traballo técnico destinado a delimitar os usos do territorio porque sabemos, dixo, o que queremos facer polo que pediu da Xunta de Galiza “sensibilidade” para poder executar o plan de ordenación.

Si queremos que un territorio como as Neves sexa un lugar desexable para vivir, temos que construír novos modelos contrarios aos que nos arrastraron a unha situación como a que vivimos no mes de outubro.

Salvaterra celebra os días internacionais Contra o Cancro, a Muller Traballadora e o Día de Rosalía

O Concello de Salvaterra ven de celebrar o pasado 5 de febreiro o Día Mundial contra o Cancro cunha actividade protagonizada polos máis pequenos, onde se construíu un lazo xigante no chan da praza do Concello e a continuación tivo lugar unha solta de globos en apoio a todos os que sofren esta enfermidade.

O vindeiro 24 de febreiro celebrará o

Día de Rosalía con outra actividade infantil ás cinco da tarde diante do Concello. Entre todos os asistentes realizarase unhas chapas de Rosalía, e ao remate da actividade recitaranse varios poemas da autora galega.

Así mesmo a celebración do Día da Muller Traballadora desenvolverase na Praza do Concello as cinco da tarde coa actividade infantil O Labirinto da Igualdade.



SALVATERRA DE MIÑO

Preto de 1500 persoas desilarán o sábado 17 no Enterro da Lamprea

O Concello de Salvaterra de Miño pecha as inscricións do Enterro da Lamprea 2018 coa participación de 15 carrozas e preto de 1500 persoas desfilando polas rúas da vila.

Un desfile que arrancou no ano 2007 e que ano a ano foise consolidando, sendo a día de hoxe un evento de referencia na comarca, onde acoden comparsas de toda a contorna. Este ano veñen dende Salvaterra, Salceda, Tui, Mos, Ponteareas, Porriño, As Neves e Nigrán para facer as ledicias de todas a persoas que se deprezan a Salvaterra para desfrutar da festa do Entroido. Un entroido que tamén da a oportunidade de participar sen formar

parte de ningunha carroza ou comparsa, a través da comitiva da defunta lamprea, formando parte dese grupo de choronas que fan o percorrido dándolle o último adeus a defunta, a esa lamprea símbolo tamén da riqueza gastronómica do noso municipio.

O desfile arranca ás 17.00h do sábado 17 de febreiro, percorrerá diversas rúas da vila e rematará na Praza do Concello, onde se dará lectura ao testamento e se queimará a Lamprea.

Ademais de moita diversión todos os asistentes poderán desfrutar dun chocolate quente, que un ano mais tamén terá en conta as intolerancias, ofrecendo chocolate sen gluten.



CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

O Coro Cantemos está de parabéns!!

Por Montserrat Rguez.

Vén de celebrarse a segunda edición do Certamen Infantil y Juvenil de Habaneras de Candás (Asturias) que contou coa participación da Coral Alegría, de Madrid; a Coral In Crescendo, de León, e o Coro Xuvenil Cantemos, de Ponteareas, ademais da intervención da soprano Indira Ferrer, que ofreceu un recital de habaneras líricas.

Realizouse no escenario do Teatro Prendes e foi organizada pola Concejalía de Cultura en colaboración coa escola municipal de música. O xurado deste ano estivo formado por Aurelio Martínez, Antonio Abreu, Josu Elberdín, Elena Rosso e David Colado.

O teatro Prendes encheuse co son das habaneiras cuxas letras lembran os mariñeiros falecidos en alta mar, as vilas costeiras, os amores inolvidables. O II Certamen Infantil y Juvenil de Habaneras de Candás demostrou que as cancións, que noutro ambiente ambientaban os chigres (local onde se vende sidra), se converteron, co paso do tempo, en historia viva das vilas mariñeiras.

Para o concurso, a Coral Alegría de Madrid, dirixida por Francisco Díaz, foi a encargada de abrir o certame. A seguinte en subirse ao escenario foi a Coral In Crescendo de León, dirixida por Juan Carlos Oliveros que interpretou temas tan populares como 'Con un beso' ou 'Estrella de mar'.

Por último, o noso coro Cantemos que trae para casa nada máis e nada menos que tres premios!!! O primeiro premio máis o do público e o da mellor interpretación da obra obrigada: 'La llamada' de Armando Bernabeu.

Segundo os presentes no certame, a súa actuación foi a mellor, a súa posta en

escea, sobria e elegante, resultou impresionante. Souberon resolver con creces as esixencias da obra obrigada e as habaneiras foron resoltas coa madurez que xa posúen. A interpretación máis impresionante foi a da obra de Eva Ugalde que a directora levou con grande mestría, acompañados ao piano de Cristian Docampo Vázquez.

E é que o Coro Cantemos de Ponteareas segue a superarse e a presentarse a retos que o fan máis forte. En palabras da súa directora, Ruth Barros Abalde: "Este certamen aviva, se cabe máis, a chispa de que hai que seguir a traballar duro. De esixirnos un pouco máis. Dime que imos polo bo camiño, aínda que queda moito por percorrer.

Non serven os premios para ego persoal ou de grupo senón como medidor dos acertos e desacertos. E é bo someterse a isto de vez en cando. É bo que os nervios te coman e traballar para comelos ti a eles. É bo pasar polos escenarios de tamaños e acústicas diferentes. É bo cantar para outros coros e en contrapartida, é xenial escoitar outros coros en directo e ver que todos estamos no mesmo barco. Dedicarnos en corpo e alma aos nosos cantores e dar o mellor de nós mesmos"

Este é un premio aos esforzos, a tanta dedicación dos cantores e da loitadora-directora pero tamén dos papás e mamás que están por detrás apoiando e animando como os mellores seareiros, do incondicional pianista que sempre os acompaña, dos membros de Obradoiro que viaxan con eles, etc. O poder mobilizador deste coro é inmenso.

AÚPA Ponteareas. Aúpa OVAV. Aúpa Cantemos.

Desde este xornal agradecemos tantas alegrías que nos dades!!

Muitos parabéns Cantemos!



O remendón CERRAJERO 



- Apertura de puertas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimiento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL **DuplicaX**

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com



O noso Eido

Especialidades en: Angulas e lampreias, Peixes do Río, Chocón a Prancha, Bacalao e Kikos a la brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968
Telf. 986 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)



PINTURAS FERNANDO MIGUEZ

Rúa Arxentina, 11 - Salceda de Caselas
☎ 886 115 548

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño
☎ 986 658 529

Móvil 645 316 524
pinturasfernandomiguez@hotmail.com

PONTEAREAS

Celebrada a 1ª Feira de Ensinanzas Profesionais e Artísticas

Os pasados días 5 e 6 de febreiro celebrouse en Ponteareas a 1ª Feira das Ensinanzas Profesionais e Artísticas con máis de setecentas visitas.

Ata esta primeira feira que se celebrou no pavillón municipal Álvaro Pino achegáronse alumnos e alumnas das comarcas da Paradanta, Condado e Louriña.

Vinte stands amosaron ao alumnado e ao resto da comunidade educativa as posibilidades profesionais e saídas laborais nas que se poden formar, así como puideron visualizar os proxectos educativos realizados dentro dos centros.

Plasmar a utilidade dos coñecementos no desenvolvemento da vida diaria foi un dos obxectivos desta primeira feira na que expuxeron centros de secundaria, de formación profesional e ensinanzas especiais (concertados, privados e públicos) para informar á comunidade educativa de todas as posibilidades formativas.

Un dos requisitos para os centros expositores foi que o stand estivera ocupado en todo momento polo alumnado para que eles mesmos compartiran a súa experiencia cos visitantes facéndooos partícipes e protagonistas desta feira novidosa na comarca.

Bacharelato de Artes

A concellería de Ensino, que dirixe a nacionalista Cristina Fernández, ten entre as súas prioridades ampliar a oferta educativa con novas ensinanzas. Ao ser a cidade referencia nas dúas comarcas e tendo en conta as dificultades de desprazamento que ten o conxunto da poboación, a concelleira considera indispensable que o alumnado teña unha oferta maior dentro do seu entorno.

A principios deste ano os directores dos institutos remitiron á Consellería de Ensino un escrito solicitando a implantación do bacharelato de Artes no concello de Ponteareas.



A Concellería de Ensino amosou o seu apoio a esta petición redactando o seu propio escrito a través do Consello Escolar Municipal do que é presidenta.

"Tras a petición unánime dos directores. O Consello Escolar Municipal decidiu brindar o seu apoio trasladando a necesidade de implantar o bacharelato de Artes nunha cidade de tradición musical e artística secular", engade

Cristina Fernández.

Aproveitando a visita da inspectora de ensino de zona á feira, a comunidade educativa trasladoulle esta iniciativa que a inspectora acolleu con satisfacción sendo coñecedora desta problemática na zona que ela coordina.

Nesta primeira feira os centros intercambiáronse experiencias e proxectos e citáronse para vindeiras edicións.

Ponteareas liquida "débedas históricas" por valor de 1.769.589 euros

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas e o concelleiro de Facenda, Francisco Floreal Alonso, deron conta da liquidación da "histórica débeda" que o Concello tiña contraída coa Seguridade Social cunha última aportación por valor de 44.565,55€ realizada nestes días. Esta última cantidade súmase á abonada no ano 2017 por valor de 512.676,87€ supondo a maior

cuantía amortizada nun so ano.

Ponteareas, explicou o alcalde, "libérase así dunha das maiores cargas de débedas con sentenzas xudiciais con elevados intereses de demora que afofagaban a economía municipal". O rexedor local salientou "a boa xestión do goberno municipal actual" que permiten desbloquear a economía e aforrar pagos de elevados intereses de demora "para poder investir

de aquí en adiante os cartos en necesidades básicas polas que os veciños levan tempo agardando".

Xunto ao pago desta débeda histórica están outras, non menos históricas, como a de Eléctrica Sestelo que supuxo un pago total no ano 2017 de 867.404,40 € abonando nos últimos días de 2017 433.578,82 €. Xa no ano 2017 o Goberno de coalición puxo

fin a unha das grandes débedas, a de Construcciónes Crespo por valor de 297.044,61€ dos que máis de corenta mil eran intereses demora.

Por último o concelleiro de Facenda tamén informa da débeda liquidada coa Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que suma con intereses un total 47.898,35 €. Facendo fronte ás sentenzas condenatorias e aos intereses, aseguran o alcalde e o concelleiro de Facenda, "o Goberno actual consegue sanear a economía e por fin a gran parte das cargas herdadas de gobernos anteriores".

"No momento que asumimos

o goberno municipal, en xuño de 2015, a situación económica era grave e ademais durante os seguintes meses recibimos varias condenas e sancións que limitaron moitísimo o marxe de actuación, obrigando a destinar boa parte dos recursos a pagar as débedas históricas dos gobernos do PP". afirmou Alonso.

O concelleiro afirma que "sacamos ao Concello da UCI económica na que estaba. A 31 de decembro de 2014, o remanente era negativo en 5.031.208 €. A partir de agora, co concello saneado, poderemos afrontar novos investimentos e atender en prazo os compromisos de pago".

BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA
BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826

ASER GALICIA
CENTRO DE NEGOCIOS
ASESORÍA DE EMPRESAS

salvaterra@asergalicia.com 986 664 292
Curros Enríquez, 8 . Salvaterra de Miño
asesoria@asergalicia.com 986 640 015
Rúa Redondela, 11 . Ponteareas

CAFETERÍA
D'PEYO

Desayunos - Bocadillos - Hamburguesas - Pizzas
Fútbol en pantalla gigante

Plz. Mayor, 5
Ponteareas

Tlf: 986 660 368

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

O Colexio de Arquitectos rexeita participar no concurso de ideas da Praza Bugallal

Juan Carlos González Carrera como Portavoz de ACiP denuncia que o goberno Municipal segue na mesma liña na que o seu grupo leva denunciado durante meses e motivou unha queixa ante a Valedora do Pobo nos pasados días pola falta de transparencia, publicidade de calquera concurso e das propias ilegalidades que o goberno realiza en calquera proceso, pois os restrinxe en moitos casos para os seus coñecidos ou amigos, a máis do impedimento de acceso a documentación que os concelleiros temos dereito por Lei.

O pasado día 13 o Colexio

de Arquitectos de Galicia emite un comunicado demoledor enviado ao Concello e que o mesmo ten escondido pois non deu traslado aos membros dos compoñentes da mesa de compoñentes do xurado onde deixa moi claro que non formara parte do propio xurado "por unha cuestión de legalidade e non exercicio do noso deber en defensa dos intereses xenerais da profesión e dá igualdade de todos os colexiados non podemos apoiar en ningún caso que a condición de recoñecido prestixio sexa determinantes para a contratación pública, así como a falta de publicidade

e transparencia."

Dita comunicación é un duro pau para o Alcalde e goberno advertíndolle que esta a discriminar aos demais profesionais pois elixiron a dedo cinco estudos de arquitectura deixando así fose aos demais profesionais que non poden participar.

Desde ACiP levamos denunciado esta situación por práctica habitual dun goberno que contrata directamente deixando así sen oportunidade aos demais e impide en moitos casos aos grupos da oposición a acceder aos expedientes de contratación pois non hai ningún contrato do mesmo.

Cabe resaltar tamén o informe que nos pasados días publicado por Dyntra unha avaliación independente da transparencia dos Concellos de Galicia e Ponteareas suspendía nun baremo de 100% sae cun 14,47% é de dicir dun indicado, sae co número 24 un dato máis de que este goberno incumpre todo, preguntámonos onde queda o día de investidura cando o Alcalde no seu discurso deixou claro que Ponteareas sería un exemplo de transparencia van tres anos de lexislatura e as portas de cristal que el decía agora son opacas, impedindo a labor da oposición facendo só da súa xestión publicidade enganosa pois o resto é escurantismo en contratación de empresas externas en moitos casos con parentescos de

amigos e outros.

Presentamos un escrito no Concello esixindo ao Alcalde a paralización deste xurado, que tería que reunirse o día 16 ás 11 da mañá, para que se aclare este plantón e lección de ética do Colexio de arquitectos de Galicia acusando o goberno Municipal e daremos traslado á presidenta da mesa que é a arquitecta Municipal, se dito xurado non se suspende ese día o noso grupo non participará no mesmo xa como deixamos claro no escritos presentado en día 19 de Xaneiro dos presentes ante o Alcalde dicíndolle que non presentaríamos un representante do noso grupo mentres o Alcalde nos siga poñendo traves de acceso a documentación para o exercicio do noso labor de Concelleiros.

Ponteareas solicitará que o proxecto de mellora da PO-403 sexa completo

O goberno de Ponteareas reunírase cos colectivos veciñais e sociais das parroquias polas que transcurre a PO-403 (Angoares, Moreira e núcleo urbano) para valorar o proxecto presentado pola Xunta ao considerar que non contempla as demandas dos colectivos veciñais, do goberno nin da Corporación.

A Tenente de Alcalde e Concelleira socialista de Vías e Obras, Chus Garrote, manifesta a súa disconformidade con este proxecto no que non se tivo en conta as aportacións do goberno municipal nin da cidadanía, convertindo estas medidas de mellora nun "parche de trámite" que non da solución aos principais problemas e necesidades.

"Gustaríanos que tiveran recollido as demandas dos colectivos veciñais e estu-

daran as nosas propostas nas que recolleamos aqueles puntos de especial importancia e máxima urxencia", aclara Chus Garrote.

Nestes intres o proxecto está exposto a exposición pública ata o 13 de marzo, data na que remata a presentación de informes e alegacións.

O proxecto contempla actuacións no tramo entre o punto quilométrico 8+600 despois do enlace da A-52 e o punto quilométrico 10+200 ao final da travesía de Angoares preto de Ponteareas.

A Tenente de Alcalde adiantan que trasladarán á Consellería de Infraestruturas e Vivenda as reclamacións recollidas polo concello nas súas reunións veciñais e tamén aquelas que o propio goberno considera indispensables para a mellora da seguridade viaria.

Nestes intres o goberno

está en conversas coa técnico responsable da redacción do proxecto para aclarar os motivos que os levaron a decantarse por unhas opcións e non por outras.

"A Xunta non se puxo en contacto co goberno para estudar as mellores opcións. Entendemos isto como unha falta de respecto institucional. Por outro lado hai demandas deste concello que non están contempladas no proxecto como o son a demanda de creación dunha beirarrúa e barandilla en Castela no marxe dereito preto da rotonda de Mondariz, tampouco contemplan a demanda das beirarrúas solicitadas dende o pk 8220 e o 8790 dende pasar o restaurante das Pontes ata o comezo da beirarrúa na ponte de Moreira", explica a tenente de Alcalde e Concelleira de Vías e Obras.



As Asociacións proporán as mulleres homenaxeadas

Por terceiro ano consecutivo Ponteareas homenaxeará a tódalas mulleres ponteareás, en especial a aquelas que destacaran pola súa labora a prol da empresa, da familia ou calquera outra que os colectivos sociais e asociacións consideren que é merecedora da homenaxe.

A Concelleira aos colectivos sociais a propor a unha veciña para esta merecida homenaxe.

O acto homenaxe ás mulleres propostas terá lugar o día 11 de marzo no auditorio municipal Reveriano Soutullo, polo que a data máxima para a recepción da súa nominada será o día 19 de febreiro, presentando por escrito no rexistro do Concello de Ponteareas ou no enderezo de correo electrónico atencionprimariaponteareas.gal

Durante a homenaxe, que está aberta a toda a cidadanía, poderase desfrutar dunha actuación teatral.

EDITORIAL

■ **Por: Guillermo Rodríguez. Director**



E agora que nos espera?

Cada vez que me poño diante dunha páxina en branco do meu ordenador para escribir un editorial para os xornais acósame sempre a mesma dúbida, de que coño podo falar eu para que os lectores disfruten e non sufran máis do que o están facendo?

Porque se miramos ao noso redor apenas hai cousas que poidan alegrarnos.

Se miramos para os nosos políticos cada día dannos un susto coas decisións que toman e que nós imos padecer: recortes nos servizos mínimos que temos dereito disfrutar, novos impostos que non sabemos a onda van parar; leis que sempre benefician aos poderosos, etc. Se miramos para os nosos veciños e compatriotas a desolación é total: miles de familias sen teito e sen un bocado que levarse á boca, mozos e mozas perdidos por esas rúas abandonadas non se sabe ben se bébedos ou drogados, aos que ninguén presta atención; familias que teñen por teito as pontes, cando non o ceo aberto; comedores sociais ateigados de seres humanos que buscan un cacho de pan e algo quente, etc.

A televisión, ese “gran hermano” que dirixe as nosas vidas mostrándonos aos dirixentes desta pel de touro pelexando entre eles sen ser quen de sentarse a falar como seres civilizados e buscar solucións para tanta desgraza, tanta miseria. O deles é a alta política. O deles é definir quen

é o “macho alfa”; quen ten a exclusiva de mandar, ordenar e xulgar todo o que ocorra tellas abaixo deste noso tellado de cristal.

O presidente da Federación Española de municipios e provincias, un socialista que presume de tal, vai renderlle pleitesía ao Rey pedíndolle amparo diante do Goberno (xa se sabe que o Rei reina pero non goberna). Ú-la coherencia dun socialista de xeonllos diante da monarquía?

O goberno tampouco goberna. O “asunto Cataluña” tenlle absorvido os sesos e non fan outra cousa que preparar escritos para atacar ao mínimo fallo que os soberanistas teñan. A súa marca branca estalles saíndo rá. As esquisas está a volvelos tolos. Xa se cren o embigo do País e fanse de rogar. Rajoy quere levalos “al huerto catalán” pero eles dinlle que laranxas de la China. Arriadas non se deixa arrimar. O deles é esperar sentados á porta para ver pasar o cadavre do PP camiño do xulgado.

O noso Presidente galego cabreouse porque Montoro quere facerlle un agasallo en forma de quita ás Comunidades que teñen unha débeda soberana moi avultada. Feijóo comproba como a súa política de austeridade en Galicia só conseguiu que o País galego estea na rúa protestando polo deterioro da sanidade, polo ensino, pola administración de xustiza. El que aparecía coma o tapado de Rajoy comproba como Ma-

drid ten outras mozas coas que danzar neste baile de trileros. El que aumentou a débeda galega en máis de 7.400 millóns de euros nos últimos nove anos pedindo cartos aos bancos e non utilizando os mecanismos de financiación que o Estado facilitou as CCAA, comproba agora que Galicia terá que pagar centos de millóns en xuros pola súa mala xestión económica. O máis fodido desta situación é que aparece nos medios coma un importante administrador público cando a realidade é outra: a débeda de Galicia só pode refinanciarse e aumentar o tempo en que seguiremos endebedados.

Tamén sabemos que España ten 250.000 políticos. Un por cada 185 habitantes; Alemaña, que nos duplica en poboación, ten 100 mil; un por cada 800 habitantes. Quen lle pon o cascabel ao gato para eliminar tanto cargo público? Soamente cunha sería agrupación de concellos de menos de 5000 habitantes (que temos miles deles) e a desaparición das Deputacións xa nos aforrabamos milleiros de políticos e millóns de euros de gastos públicos: soldos de presidentes, alcaldes, concelleiros, dietas por plenos, comisións, etc.

Os xulgados paralizados, os sanitarios a punto de saír á rúa, os traballadores en precario berrando na rúa soldos dignos para chegar a fin de mes; e o Goberno do Estado laméndose as súas propias feridas; ta-

pando a cara diante de cada xuízo por corrupción dos seus.

Diante deste panorama, de que coño queren que escribamos?. A pluma, o teclado, sempre se nos vai para o mesmo lado. Isto ten que rematar, isto non pode seguir así por moito tempo.

A que están esperando os políticos? Talvez a outro 15M? Penso que se isto ocorre os resultados non van a ser “tan democráticos”. Os cidadáns xa se decataron que sendo obedientes, boas persoas, respectuosos, deixándose engatusar polo sistema, etc. nada cambiaba. O sistema engole todo o que se lle poña por diante. Solución: cambiemos o sistema


ou o sistema acaba connosco.

Claro que para esta obra faise preciso dispoñer dun recambio. Non imos “saír de guatemala para entrar en guatepeor”. E aquí é onde reside o problema real. Ú-las forzas políticas dispostas (agora sí) a unha verdadeira “revolución social”. Ú-los partidos políticos que leven nos seus programas un cambio profundo do sistema que padecemos?

Aquí xorde de novo a pregunta, quen manda realmente? Teñen as forzas políticas capacidade de romper as liñas vermellas que lle marcan iso que chaman mercados, trus financeiros, lobbys económicos, etc.? Esa é a nai do año.

FELIX

Ideoloxía



NOVAS de TURONIO

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Esquerda Unida levará ao pleno a ampliación do CEMIT

Esquerda Unida rexistrou unha moción para que a actividade da aula CeMIT do Concello de Ponteareas se manteña durante todo o ano, tendo en conta a demanda por parte dos alumnos e alumnas do mesmo.

A Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (CeMIT), ten como finalidade achegar e facilitar o uso das novas tecnoloxías ao conxunto da poboación. Ponteareas conta, dentro desta rede, con unha das chamadas Aulas de Referencia ao cumprir co requisito de rexistrar unha actividade superior ás 1000 horas anuais.

O feito de contar cun aula de referencia permítelle ao Concello acceder a unha subvención anual da Xunta de Galicia de 15.000€. A pesares disto, polo menos no referente aos anos 2016 e 2017, a aula

non estivo operativa durante todo o ano e cesou na súa actividade en xaneiro de 2018. En previsión deste feito, o alumnado do CeMIT rexistrou en decembro de 2017 unha solicitude, asinada por corenta alumnos e alumnas, dirixida ao alcalde de Ponteareas de cara a que se mantivera operativo o servizo máis alá de ese mes, que era cando estaba previsto o fin dos cursos. A pesares disto, a día de hoxe aínda non se iniciou ningún procedemento de contratación de profesorado para a realización de cursos.

Con referencia á posibilidade de manter operativa a aula con realización de cursos, hai que sinalar que durante os anos 2016 e 2017, o Concello non chegou a utilizar a totalidade da subvención. No ano 2016 empregáronse para o funcionamento da aula Ce-

MIT, 12.246€ e no 2017, 10.814€. Deste xeito perdéronse para o funcionamento da aula 2.753€ no ano 2016 e 4.186€ no ano 2017. Estes datos deixan e evidencia, por unha banda que a aula puido estar operativa durante máis tempo, e por outra, tendo en conta que os cursos aínda non comezaron no mes de febreiro de 2018, que esta situación vaise repetir.

Ademáis chama a atención que durante o ano 2017, dos 10.814€ empregados no desenvolvemento de cursos na aula CeMIT, 6.904€ foron adicados á contratación de empresas externas en lugar de facelo á contratación directa de profesorado.

EU solicita que se amplíe o período de funcionamento da aula e que se desbote a contratación de empresas privadas para o seu funcionamento.

ACIP denuncia ao alcalde ante a Valedora do Pobo



Juan Carlos González Carrera, representante de ACIP, presentou unha denuncia contra o Alcalde José Represas, diante da Valedora do Pobo polo incumprimento reiterado das leis de Rexime local relativas aos dereitos dos concelleiros á fiscalización e control dos actos do goberno local, tal como se recolle nos artigos 14 e 16 do (ROF), no que se especifica que os Concelleiros teñen o dereito para acceder a cantos antecedentes datos ou información resulten necesarios para o desenvolvemento da súa función.

“Esta situación de negativas do alcalde de darnos acceso a certos expedientes que o goberno non quere que vexamos, el saberá cal é o motivo real, denunciámos o descontrol existente neste goberno; cada grupo tira cara a un lado e crea estas situacións dependendo de que Concellería pertenza e que o propio Alcalde incumpra.

O descontrol no Concello é tal que escritos presentados o 8 de setembro de 2017 son contestados o 6 de Xaneiro de 2018, incumprindo claramente o mandado no artigo 14 que di textualmente: “o alcalde ten cinco días, a contar dende a presentación da solicitude, para autorizar ou denegar o devandito acceso. Está clara a ilegalidade do Alcalde quen ten que motivar a súa resolución; nunca o fai”, di Carrera.

“Esta situación, segue manifestando o Concelleiro, provocou que tiveramos que, no seu momento, pedir o amparo

da propia Secretaria municipal para, dentro das súas competencias, dar as instrucións aos funcionarios para acceder ao solicitado. Situación que provoca crispacións polo incumprimento das leis e ao mesmo tempo temor as represalias do propio goberno e do Alcalde, que as hai.

Dato curioso: este Alcalde no seu discurso de investidura dixo que o Concello ía ter portas de cristal. Pasado o tempo débéronse afumar de tal maneira que nada deixan ver. Nós preguntámonos que se non respecta a lei o único que está a facer é amparar un goberno “fora da lei”. Queremos lembrarlle que representamos a miles de veciños que nos deron o seu voto para ser atendidos diante do Equipo de Goberno do Concello. Coñecemos a situación de moitos veciños que individualmente acoden diante da Alcaldía en busca de amparo e de respostas as súas inquedanzas.

“Tentamos advertir ao Alcalde solicitando unha entrevista para informarlle das ilegalidades que estaba a cometer, preguntándolle como asinaba denegacións diante do informe da Secretaria?. O silencio é a súa resposta.

A situación que vivimos dende principio da lexislatura é insostible, por iso solicitamos amparo diante da Valedora do Pobo; pero advertímoslle ao Sr. Alcalde que chegaremos ata onde sexa preciso na defensa dos nosos dereitos como concelleiros e representantes de milleiros de veciños deste Concello”.

O PP solicita que o Alcalde asuma persoalmente 700 euros de costas do xulgado

O PP de Ponteareas leva a pleno unha moción co fin de que o alcalde, Xosé Represas, asuma a súa responsabilidade na chapuza da tramitación do expediente que tiña como obxecto cubrir unha praza interina de Técnico de Intervención, figura que logo ante a denuncia deste partido foi anulada polo propio alcalde para a creación, baixo o mesmo expediente e sen ningún tipo de informe favorable, dun Viceinterventor.

Varios meses de disparates nos que se advertiu pola nosa banda, afirma Belén Villar, que non se podía continuar co expediente con informes desfavorables da Secretaria Municipal. Informes aos que o alcalde fixo caso omiso, mesmo chegou

a encargar a unha empresa externa un informe técnico que avalase a súa actuación, que estaba claro que non cumpría coa lei dende o inicio.

Segundo o PP o Goberno segue aprobando expedientes con informes desfavorables, dalles igual, tiran para adiante, e negan a información os grupos da oposición que deben facer un traballo de fiscalización, quedándonos como única vía acudir á xustiza.

O xulgado deunos a razón, aínda que o Sr Represas rectificase anulando a praza, antes da celebración do xuízo, pero aínda así condénaselle a pagar ao Concello de Ponteareas os gastos das costas o Partido Popular. Cremos que os veciños de Ponteareas non teñen que

pagar os caprichos do alcalde, por iso solicitamos no pleno que as Costas do procedemento exposto ás que foi condenado o Concello de Ponteareas, por un importe máximo de 700€, sexan asumidas directamente polo Alcalde e non con diñeiro público e de todos os veciños, porque está máis que demostrado que o Alcalde actuou irregularmente, e todo iso “a propósito” de que o procedemento que estaba a seguir era contrario a lei e estaba informado desfavorablemente por parte da Secretaria municipal.

“Un acordo co que o Partido Popular espera contar co apoio do resto de grupos da oposición, ante unha clara actuación de prevaricación administrativa por parte do Sr Alcalde.

Covelo dedica rúas a José Costa e a José Fernández Muradás

O pleno do Concello de Covelo acordou designar unha rúa ao anterior Alcalde José Costa Díaz e outra ao concelleiro José Fernández Muradás como recoñecemento da actual corporación ao seu labor e compromiso cos veciños e o pobo de Covelo desde a chegada da democracia.

D. José Costa foi elixido Alcalde en todas as eleccións desde 1979 ata 2015, obtendo en todas elas o apoio da maioría dos veciños e veciñas de Covelo. Pepe Costa, como cariñosamente é coñecido polos covelenses, dedicou a súa vida como alcalde a loitar e traballar para que Covelo desenvolvese a todos os niveis e os seus veciños fosen mellorando as súas condicións de vida. En moitas campañas electorais utilizou o lema "Ou voso alcalde e amigo" que constitúe un bo resumo da relación que sempre mantivo cos veciños baseada na proximidade con todos, a atención e o traballo continuo polo seu pobo. Ademais de ser deputado provincial,



foi un dos alcaldes de toda España que se mantivo no cargo durante máis anos, pois foron case corenta anos nos que os veciños lle deron o seu apoio por maioría absoluta.

D. José Fernández Muradás entrou como concelleiro do partido Socialista de Galicia-PSOE no ano 1983 sendo sucesivamente reelixido concelleiro nas lexislaturas de 1987, 1991 e 1995. Despois dunha paréntese, foi elixido de novo concelleiro na lexislatura de 2015 pola mesma formación política e desenvolve o seu cargo na actualidade.

Como presidente da Comunidade de Montes de San Salvador de Prado é recoñecido como un gran defensor dos veciños e dos intereses da comunidade. O actual alcalde, Pablo Castillo agradeceulle en nome dos concelleiros e dos veciños e veciñas de Covelo o seu esforzo, entrega e dedicación ao longo de tantos anos e recoñeceulle por ser un exemplo tamén de convivencia e traballo conxunto, desde distintos posicionamentos políticos, polo único obxectivo de buscar o mellor para as parroquias e veciños de Covelo.

Convocatoria para bolsa de emprego SAF no Concello de Arbo

Por resolución de Alcaldía núm. 30/18, de data 24.01.18, foron aprobadas as bases e a convocatoria para a constitución dunha bolsa de emprego para cubrir o/os posto/s de traballo de auxiliar de axuda no fogar en réxime de persoal laboral e as posibles vacantes subseguintes.

A convocatoria ten por obxecto o establecemento dunha bolsa de emprego para o posto de auxiliar de axuda no fogar, mediante contratación laboral temporal; eventual por circunstancias da produción e de interinidade por substitución de traballadores con dereito a reserva do posto de traballo, ao abeiro do artigo 15 do texto refundido do estatuto dos traballadores

coa finalidade de substitución de postos de traballo da categoría convocada pola concorrencia dalgunha das seguintes causas: baixas por incapacidade temporal; xubilación parcial ou anticipada polo período que medie entre a xubilación e a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión de postos de traballo previstos legalmente; acumulación de tarefas de carácter puntual do servizo de axuda no fogar; calquera outra que esixa a inmediatez na contratación.

No Boletín Oficial de Pontevedra, de día 12 de febreiro, saíu publicada a convocatoria. A partir do día 13 de febreiro queda o prazo de presentación de instancias ata o día 26 de febreiro.



O Concello de Arbo habilita unha parcela para aparcamento de vehículos na Rúa Antonia Tovar

O concello de Arbo, despois de rematada as obras de "Urbanización da rúa Antonia Tovar, realizadas en dúas fases e financiada a través da sinatura dun convenio coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza dada as carencias de aparcamento existente, na que subvencionaba o 100% das actuacións, o concello de Arbo, acondicionou unha parcela para adicar a aparcamento de vehículos na citada rúa.

A rúa Antonia Tovar é a Rúa de entrada norte ao Casco Urbano de Arbo, recentemente

dotada con Beirarrúas e soamente aparcamento por un lado. A proximidade destas parcelas co casco urbano onde se sitúan os supermercados, comercios, praza de abastos, biblioteca, multiusos así como outras actividades, constituíndo unha zona moi concorrida e con escasos aparcadoiros o que fai que a parcela acondicionada, mostra circunstancias favorables para convertelas en aparcadoiro, non solo pola súa proximidade, tamén a súa superficie (en conxunto) cunha superficie total de 918m2, accesos e a forma, permiten un maior

aproveitamento, non existindo parcelas no entorno coas mesmas características,

O alcalde, Horacio Gil, nos informa que no mes de maio, se habilitaba outra parcela na estrada Po-400 a altura de Rial do Pazo, e que a creación das novas prazas de aparcamento gratuito donde están as zonas comerciais e administrativas, supoñen unha mellora para os veciños e veciñas, así como para os visitantes, así mesmo e tendo en conta as prazas creadas, dende o concello e coa colaboración da garda civil, puxose en marcha unha cam-



paña para velar polo cumprimento das normas de circulación e seguridade vial, especialmente o estacionamento, en beneficio

e para a seguridade de todos, polo que dende o Concello piden colaboración e respecto a normativa.

CONDADO / PARADANTA

AS NEVES

As Neves aproba os orzamentos do 2018 cunha suba do 14% e reducións de impostos

O pasado martes día 13 celebrouse no Salón de Plenos a sesión extraordinaria para a aprobación dos orzamentos de 2018 e no que tamén se aprobou a redución de certos impostos.

Os orzamentos preveñen unha cantidade total de 2.380.000 euros o que significa un 14% máis que o ano anterior.

En canto a redución de impostos gozarán dunha bonificación do 95% na cota do Imposto de Construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de "especial interese ou utilidade municipal" por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración e que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, contempladas nos artigos

25 e 26 da Lei 7/85.

Asemade, para favorecer a reparación, rehabilitación e reconstrución, de edificacións xa existentes no termo municipal, que foran afectadas polos incendios que tiveron lugar o pasado 15 de outubro de 2017, as obras de reparación, rehabilitación e reconstrución, ou nova construción sempre que veña imposta por imperativo legal, gozarán da bonificación do 95%. Esta bonificación terá efectos retroactivos a tódalas solicitudes de licenza ou comunicacións previas efectuadas dende o 15 de outubro de 2017 e estenderá os seus efectos ata o 31 de decembro de 2018.

Disporán dunha bonificación do 90 % na cota do imposto de construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento

térmico ou eléctrico da enerxía solar.

Gozarán dunha bonificación do 90% na cota do mesmo Imposto, as obras de reforma de edificacións xa existentes para favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.

Estas bonificacións aplicaranse sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o orzamento de execución material das obras especificamente destinadas á instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar e á eliminación de barreiras arquitectónicas polo tipo impositivo.

Tamén gozarán dunha bonificación do 50% as construcións, instalacións ou obras referentes ás vivendas de protección oficial.

Obras de mantemento nas escolas de As Neves



O Concello das Neves ven de rematar as obras nas escolas unitarias de Rubiós e Taboexa que abordaron diversos conceptos.

En Rubiós procedéuse a pintar e o colocación de cortinas e en Taboexa a pintar, colocación de canalón e reforma do patio entre outros.

No Colexio de Infantil e Primaria das Neves durante estas vacacións de entroido

leváanse a cabo obras para a mellora nos peches das pistas deportivas, reparación de barandas e tamén se corrixirán certos problemas de seguridade en taludes próximos a zona de Infantil.

O Alcalde das Neves, Xosé Manuel Rodríguez Méndez, indica que o goberno municipal continuará coa mellora das infraestruturas educativas e ten previsto investir novamente durante 2018 nas distintas instalacións educativas.

Manuel Eduardo Mariño, elixido Secretario Xeral dos socialistas de As Neves

A agrupación socialista de As Neves ven de elixir por unanimidade un novo equipo executivo tras a assemblea extraordinaria de afiliados celebrada no mes de xaneiro. Nesta mesma assemblea alabouse e agradeceuse o traballo realizado pola execu-

tiva anterior, para proceder despois ao debate e elección dos novos membros.

Os afiliados depositaron a súa confianza en Manuel Eduardo Mariño, actualmente concelleiro e voceiro da agrupación no consistorio de As Neves, para nomealo Secretario Xeral da agru-

pación. Así mesmo, elixiron as compañeiras M^a Cruz Míguez e Nuria Martínez como responsables das secretarías de Administración e de Organización respectivamente.

Para este novo período tamén se decidiu nomear a Benito Diz como Presidente de Honra, cargo dende o cal pon a súa grande experiencia en política municipal a disposición de todos os compañeiros da agrupación e tamén da renovada executiva.



milfollas
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

Panadería Pastelería
A Fogaza
Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Pontonareas
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

ELECTRICIDAD
IN. M. A. C.
CONDADO, S.L.

Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PO-1509

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumeados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tel: 986 65 82 07 Móviles 651 86 01 55 - 85 email: administracion@electricidadcondado.es
Polig. Ind. Chan do Poio, Nave 1 - 36450 SALVATERRA DE MIÑO

O PORRIÑO

PSOE e EU-SON asinan un acordo para aprobar os orzamentos

Alcaldesa maniféstase “especialmente satisfeita” polo acordo asinado o sábado, día 10, con Pedro Ocampo, voceiro do Grupo Municipal de EU-SON no Concello do Porriño para a aprobación dos orzamentos municipais para o ano 2018.

Eva García de la Torre amósase segura de que as propostas presentadas por EU-SON “non so melloran os orzamentos, senón que serán beneficiosos para o conxunto das veciñas e veciños do Porriño”, salienta a “boa sintonía” que houbo durante as negociacións con Pedro Ocampo e agradece a súa disposición para chegar a un entendemento.

O acordo recolle distintas actuacións, unhas no eido económico e outras sociais, que estarán en marcha ao longo deste ano. Entre as primeiras un estudo para investimentos na mellora da Parroquia de Torneiros, que irá reflectido nos orzamentos; a creación dunha Oficina de Participación Cidadá que sirva de enlace entre a veciñanza e o Concello; a elaboración da Ordenanza, aprobada en Pleno, para modificar a taxa para a utilización privativa, ou o aproveitamento especial do dominio



público local; traballar na transparencia en todos os eidos da xestión municipal ou que nos pregos de contratación que se realicen desde o Concello e as súas empresas dependentes se incorporen cláusulas sociais e ambientais.

Entre os compromisos económicos cabe salientar o investimento, cando menos, de 1 millón de euros na parroquia de Torneiros, ou que os contratos de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos e da Limpeza Viaria se fagan polo mínimo tempo mentres se licita un estudo para a xestión directa por parte do Concello ou de xeito mancomunado con outros límites: un ano prorrogable a dous no caso de Limpeza Viaria e catro anos no caso da Recollida de Residuos Sólidos Urbanos.

Eva García de la Torre agar-

da que sexa posible, así mesmo, acadar o apoio do Bloque Nacionalista Galego e, neste sentido mantivo varias xuntanzas moi proveitosas e útiles co seu voceiro, Pedro Pereira, nos días pasados, o mesmo que sumar a este acordo á representante do Grupo Municipal de Non Adscritos, Sabela Landín.

“Estamos moi preto de poder aprobar uns novos orzamentos por maioría, sen ter que acudir a outras posibilidades, como a Cuestión de Confianza vencellada aos presupostos a cal, dende logo, non dubidaría en presentar se fose necesario”, engade.

Sexa coma fose, a alcaldesa, como expresou ao voceiro de EU-SON, Pedro Ocampo, manterá o acordo asinado con él e co seu grupo, aínda no caso de que se vise obrigada a recorrer a esa Cuestión de Confianza.

O BNG presenta 16 enmendas aos orzamentos municipais

OBNG presentou por rexistro este luns as enmendas á proposta de orzamentos do goberno local. Son 16 achegas necesarias, estudadas e realistas coas que os nacionalistas queren mellorar os orzamentos municipais e que pretenden corrixir as evidentes deficiencias en materia de investimentos e planificación dos servizos públicos das que adoece a proposta do grupo de goberno.

Así, fronte á pretensión do goberno local de amortizar ata 7 prazas de traballadores públicos, o BNG propón a creación de 23 novos postos de traballo públicos. Entre eles destacan 11 postos para o servizo de limpeza e de recollida do lixo. Esta emenda enlaza coa proposta do BNG para a creación da Empresa Pública de Servizos, para que o Concello asuma a xestión directa dos servizos básicos para a cidadanía, evitando a privatización.

Das 16 emendas destaca un Plan de investimentos que ascende a 2.490.000 euros, para varias obras en todas as parroquias como a renovación do abastecemento de augas aos barrios de Contrasto e Pereira en Torneiros, afectados polo lindano; a adquisición de parcelas para a ampliación do paseo e zonas verdes do parque do Louro, para a que destinamos

400.000 euros; a segunda fase da peonalización da rúa Manuel Rodríguez e o barrio de San Bieito; a mellora do parque infantil da Guía, en Atios; a construción da rotonda na Pontenova; a renovación e ampliación da rede de saneamento en Mosende, Budiño, Atios, etc. Este investimento pódese realizar cos ingresos pola venda de parcelas industriais de titularidade municipal que o BNG propón nas súas emendas e que o goberno local omitiu de xeito incomprensible.

O BNG propón tamén una partida de 200.000 euros para a descontaminación e protección do medio ambiente, inexistente na proposta do goberno. Asemade, pedimos que se aumente en 80.000 euros o gasto destinado a servizos sociais, pois apenas chegaba á metade. As emendas buscan a redución de gasto innecesario, como a contratación de máis asesores do goberno, ou a retirada dun inxustificado gasto de 369.285,97 euros na urbanización da rúa Pontevedra, xa que é a empresa que desenvolva ese ámbito e non o concello quen debe asumir o custo das obras. Trátase dunha partida coa que o goberno, se decide seguir adiante, pode incurrir en graves irregularidades, xa que incumpriría a normativa urbanística municipal.

986 661 919
Rúa Real, 34
Ponteareas

BARCO LEON

Pinturas

CONSTRUCCIONES Y REFORMAS EN GENERAL

- + Venta y Aplicación de Pintura
- + Papel pintado, Moqueta y Tarima

Omar Jose Farfán Barco obfarina@gmail.com
Telfs: 986 651 145 - 609 366 364 - 986 650 920
C/ Villanueva, 18 A CAÑIZA - C/ Paseo Matutino, 2 PONTEAREAS

LOURINHA

O PORRIÑO

O Festival de Cans impulsa un curso de vídeo co obxectivo de realizar un documental sobre a figura da mestra "Dona Sara"

O Festival de Cans impulsa un ano máis o seu Proxecto Cans 303, un curso de gravación, edición e montaxe de vídeo, coa intención de iniciar no audiovisual a todas as persoas que desexen adquirir coñecementos. O obxectivo será facer como exercicio final unha curtametraxe colectiva que se estreará na vindeira edición do Festival de Cans, que terá lugar do 23 ao 26 de maio deste ano.

En pasadas edicións, o festival traballou con veciñas e veciños de diversas idades na creación de pezas documentais co obxectivo de recuperar a memoria da aldea e recompilar material fotográfico, en vídeo ou sonoro. Isto axudou e segue axudando a contruír a historia recente de Cans e a facer un arquivo de imaxes sobre a parroquia.

O curso comezará o sábado 24 de febreiro para celebrarse todos os sábados dos meses de marzo e abril, entre as 10,00 e as 13,00 horas da mañá. Esta

formación, que será impartida na sede do Festival de Cans polo realizador Juanma Lodo, terá un prezo de 40 euros, pero haberá un desconto do 50% para todas

as persoas que colaboren na organización do festival ou sexan socias da Asociación de veciños O Castelo de Cans.

As persoas que desexen presentar a súa candidatura para o curso poden inscribirse no mail festivaldecans@festivaldecans.com, ou no número de teléfono 679 433 076. O prazo para a inscrición rematará o xoves 22 de febreiro ás 15 horas.

Este ano, as persoas que se inscriban no grupo, traballarán nun documental sobre a figura de Sara Quinteiro, mestra histórica de Cans durante varias décadas -á que todo o mundo na aldea coñecía como Dona



Sara-, e que impartía as súas clases na "Casa da Mestra". O festival fai un chamamento a todas aquelas persoas que poidan aportar material fotográfico e reseñas biográficas desta mestra e das que foron as súas alumnas para recuperar a súa historia coa maior exactitude posible.

O Proxecto 303 tamén se complementa cun blogue do mesmo nome, coordinado por Juanma Lodo, onde se van escribindo os avances do curso ao mesmo tempo que se explican nocións técnicas de algunhas das secuencias máis coñecidas da historia do cinema.

O BNG inaugura novo local no Porriño

O BNG do Porriño inaugurou o pasado venres o seu novo local, nun acto aberto á veciñanza e colectivos locais no que estivo presente Luís Bará

Esta nova sede local pretende ser un espazo aberto a todos aqueles veciños e veciñas que teñan a ben compartir as súas preocupacións, iniciativas ou calquera cuestión que afecte a vida diaria na localidade.

O BNG pretende servir de canle á hora de tratar todos aqueles temas que preocupan á veciñanza do concello, tanto a nivel municipal, a través do traballo do noso portavoz municipal Pedro Pereira; como a nivel nacional, a través dos



nosos deputados no Parlamento Galego. Así o comentaba Luís Bará o pasado venres e así se ten demostrado nas diferentes ocasións en que o BNG conseguiu que O Porriño tivese voz no Parlamento. Recentemente con iniciativas para iniciar as medidas necesarias contra os

riscos á saúde dos solos contaminados por lindano no Concello do Porriño ou para tratar a situación dos traballadores e traballadoras de Maderas Igrexas.

A nova sede local do BNG sitúase na rúa Ramón González nº14 - Local A.

Saúde Mental Feafes desprazarase a O Porriño para prestar os seus servizos

Saúde Mental Feafes Galicia, prestará o seus servizos no despacho que vén de poñer á súa disposición, no Multiusos de Torneiros, a Concellería de Emprego, Igualdade e Servizos Sociais, que dirixe Soledad Girón.

Un técnico especializado realizará accións de información, orientación e asesoramento para a busca de emprego, diagnóstico e determinación do perfil profesional do demandante, deseño e xestión de Itinerarios Personalizados de Inserción, motivación, intermediación laboral con empresas e, en resumo, todas aquelas actuacións que favorezan a inserción laboral das persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Saúde Mental Feafes Galicia é unha entidade sen ánimo

de lucro que defende os dereitos das persoas con problemas de saúde mental tratando de mellorar a súa calidade de vida e a dos seus familiares. Entre os seus servizos, Feafes Galicia ofrece orientación laboral especializada onde se atende a demandantes de emprego cunha enfermidade mental co obxectivo de mellorar a súa situación no mercado laboral.

As persoas que desexen ser atendidas poden solicitar unha cita previa, a través do número de teléfono 986 485 784, ou ben medio dos Servizos de Emprego ou Sociais do Concello.

Ademais para realizar calquera consultan teñen ao seu dispor a oficina de Feafes en Vigo a través do teléfono 986 485 784 ou do enderezo electrónico feafesvigo@feafesgalicia.org.

A Policía Local detivo en 15 días a seis persoas acusadas da presunta comisión dos delitos de Roubo con forza

Axentes da Policía Local do Porriño procederon á detención, no termo municipal de Mos, de J.M.R.V. y J.L.V.M., coma presuntos autores da comisión dun delito contra o Patrimonio e a Orde Socioeconómica-roubo con forza-.

A Policía Local indica que os feitos ocorreron ás 02:25 horas do un de febreiro: na Xefatura recibíuse unha chamada na que unha persoa informaba da comisión dun feito delituoso en Mos. O denunciante, sinalou que estaba vendo coma persoas descoñecidas cargaban material de unha vivenda en construción.

Ante estas circunstancias, os axentes deron aviso, axiña, á Garda Civil, que desprazou ao lugar a varios axentes.

Xa no lugar os policías puideron comprobar a veracidade dos feitos e proceder á detención destas dúas persoas que foron entregadas aos gardas civís, que eran aos que lles correspondía a competencia territorial e iniciar as dilixencias xudiciais pertinentes.

Con esta actuación, os axentes da Policía Local do Porriño suman 6 detidos, en 15 días, pola presunta comisión dos delitos de Roubo con forza.

Organizados para a recuperación do monte veciñal

Os veciños e veciñas das Cortellas limpan e constrúen barreiras de protección para reter as terras queimadas

Organizados por turnos e tarefas, a veciñanza das Cortellas segue a traballar na recuperación do monte veciñal co propósito de restablecer o patrimonio natural e reparar as feridas causadas polo lume do mes de outubro.

Concienciados coa protección do medio ambiente traballan varios días ao mes sen que os folgos decaian porque saben que este ben de todos é indispensable e a maior riqueza que posúen.

Facendo gala dunha coordinación exemplar os veciños e veciñas apoiados por voluntarios siguen unha rutina de tra-

ballo asesorada por técnicos expertos en paliar as consecuencias do lume.

A primeira medida foi espallar palla polo monte chegando a descargar ata hoxe dous trailers nas zonas que máis posibilidades tiñan de erosión, facendo fincapé nas pendentes grandes e sen vexetación que quedaron desprotexidas.

O segundo paso foron os traballos de limpeza para preparar co que se vai cortando distintas liñas de nivel de contención buscando o nivel de pendente para impedir que baixe a terra.

Agora están a plantar árbores

autótonas: bidueiros, carballos, castiñeiros, loureiro e árbores froiteiras salvaxes ocupan agora algunhas zonas dos montes queimados.

Formigas incansables que van pondo parches para volver ter o antes posible o patrimonio perdido.

Un domingo ao mes reciben voluntariado de fóra da parroquia pero o resto dos días traballan os organizados por tarefas sumando unhas cincuenta persoas dispostas a colaborar e coidar os bens comúns.

O equipo de intendencia sube as ferramentas mentres outros



preparan as pistas para poder acceder ao monte. Outro equipo atende aos pequenos e pequenas voluntarias que aprenden desta veciñanza e que contribúen plantando árbores. O equipo de traballo da aldea prepara o xantar e outro equipo máis séntase para os brain storming que lles iluminen con posibles iniciativas que axuden a recadar árbores

para plantar, sementes ou fórmulas máis axeitadas para a correcta recuperación dos seus montes.

Os veciños e veciñas das Cortellas tamén agradecen o traballo do voluntariado que se achega dende fóra da parroquia e a axuda ofrecida dende a oficina do voluntariado do Concello de Pontearreas.

O Campionato Galego de Patinaxe de Grupos Show Xuvenís e Cuartetos se disputará en Tui o sábado 24

CPA Ribex de Tui, nas próximas datas, ten dúas citas moi importantes no seu calendario desta tempada, onde se xogan a maior parte dos seus obxectivos deste ano 2018.

Así, este sábado 17, o grupo show sénior buscará a súa clasificación para o Campionato de España, no Campionato Galego de grupos show, que se celebrará no pavillón Santa Isabel de Santiago de Compostela.

E o sábado 24, a cita será co Campionato Galego de Grupos Show Xuvenís e Cuartetos, que se celebrará no novo pavillón deportivo municipal de Tui, dende as 17.30 horas, or-

ganizado polo propio CPA Ribex, en colaboración coa Federación Galega de Patinaxe e o Concello de Tui.

Dende as 10.30 ata as 14.00 horas, os clubs participantes realizarán os adestramentos, a razón de 15 minutos por cada club. A competición iniciará ás 17.30 horas, coa categoría grupos xuvenil, e ás 19.05 coa de cuartetos.

O custe da entrada para este campionato será de 5€, sendo gratuíta para os menores de 7 anos.



Ponte nas Ondas! celebra o Día Mundial da Radio

Unha xornada especial en directo desde o IES de Brema de Pontedeume e a Radio Afifense de Caminha

Escolas galegas e portuguesas realizarán programas en directo o día 21 de febreiro debido a que o día 13, o Día Mundial da Radio coincide co entroido.

As escolas aínda poden sumarse a esta participación que está aberta a programas que se desenvolvan en directo desde calquera centro educativo.

Entre as propostas que as escolas poden abordar nos seus programas están os xogos tradicionais, a relación dos deportistas e a radio, o xornalismo deportivo, retransmisión deportivas na radio, a igualdade de xénero no deporte, a lingua galega e o

deporte, as olimpiadas e os deportes para-olímpicos, etc.

O portal "Escolas nas ondas!" (www.escolasnasondas.com), o primeiro espazo para difundir e espallar os podcasts e os programas das escolas galegas e portuguesas e de todo o ámbito da lusofonía acollerá as producións que se envíen.

As escolas ou os alumnos a título individual poden participar enviando os programas ou podcasts que desexen ao enderezo web@escolasnasondas.com. Tamén poden compartilos desde calquera plataforma como Ivoxx, Soundcloud, Itunes, Spreaker, etc.

Xornal galaico-portugués busca xornalista e comercial para ALTO MINHO

Condicións excelentes. Precísase curriculum e experiencia

Dirixirse a: redaccion@novasdoeixoatlantico.com

LOURINHA

MOS

CxG levará a Bruxelas a afectación dos mananciais nos montes de Tameiga

CxG visita à comunidade de montes de Tameiga, nunha xuntanza onde a forza galeguista trasladou a súa vontade de trasladar a Bruxelas da man dos sectores afectados, os problemas que podería xerar o desenvolvemento da area comercial anunciada polo Celta de Vigo e a alcaldesa de Mos.

Acompañando ao Secretario xeral dos galeguistas, Piñeiro Docampo acudiu parte da executiva comarcal. O interese da visita naceu a partir das diferentes informacións verquidas na prensa sobre o novo proxecto de cidade deportiva que o Celta de Vigo quere levar a cabo en terreos de Pereiras e Tameiga, no concello de Mos.

Na visita, trasladouse a posibilidade de abrir a via de recurrir a través dos diversos mecanismos de partido no congreso e no senado e da eurodeputada pola coalición por Europa da que participa a forza galeguista, Izaskun Bilbao, para trasladar na UE o impacto



para os mananciais de auga que podería xerar un desenvolvemento dunha area comercial na zona sobre a que todavia; segundo confirmounos o presidente da comunidade de montes en man común; non existe ningunha proposta por escrito e seria por parte do Celta de Vigo S.A.D.

Desde Compromiso por Galicia Vigo, queremos trasladar á sociedade a necesidade para a nosa comarca do desenvolvemento dun pólo de atracción comercial e de ocio global para toda a eurorexión, da que somos parte central, mais sempre desde o máximo respecto á

lexislación sobre medioambiente e dentro dun desenvolvemento sostible.

Sobre o proxecto anunciado polo presidente do R.C. Celta e a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, desde CxG temos que indicar que forma parte dunha loita de intereses partidistas do PP e que busca unicamente unha proxección mediática ante un proxecto que non é mais que fume. Entretanto Vigo e a súa comarca seguen perdendo oportunidades para xerar empregos e riqueza ante a paralización do concello de Vigo que segue sen PXOU e a desaparición da area metropolitana.

Novo centro de distribución de Bimba e Lola en Mos

A empresa Bimba y Lola presentou no Concello de Mos un proxecto para a ocupación e reforma dunha nave na que asentará as súas novas instalacións loxísticas, que estarán situadas na zona de Arrufana na parroquia mosense de Guizán.

As devanditas instalacións garanten, segundo informan dende a empresa, unhas boas comunicacións tanto por vía marítima, como aérea e terrestre, e atópanse próximas ás oficinas centrais da compañía, actualmente tamén situadas en Mos, neste caso na parroquia de Tameiga.

O novo centro poñerase en marcha e estará a funcionar a pleno rendemento na pri-

mavera do próximo ano 2019.

As instalacións comprenden un silo automático de 5.300 metros cadrados e 20 metros de altura para almacenaxe de produto en caixas, 3 plantas cun total de 19.000 metros cadrados nas que se realizará a subministración diaria a toda a rede de tendas da compañía a nivel mundial, así como á canle online, planta semiautomática para almacenaxe de 200.000 pezas colgadas e zonas de servizos comúns e oficinas loxísticas

Este novo centro de distribución permitirá a integración de todos os procesos de xestión loxística dando resposta ao crecemento da compañía nos próximos anos.



MOS / SALCEDA

Mos organiza unha excursión a San Isidro

A concellería de Participación Cidadá mosense que dirixe a edil Julia Loureiro organiza a xa case tradicional excursión á neve para a xuventude mosense (+ 18 anos) que nesta ocasión realizarase á estación de San Isidro os días 2, 3 e 4 de marzo.

Para participar nesta viaxe existen catro modalidades: Modalidade A que inclúe curso de esquí, aluguer de equipos, viaxe e pensión completa cun prezo de 161 euros. Modalidade B que inclúe aluguer de equipos, viaxe e pensión completa cun prezo de 154 euros. Modalidade C que inclúe viaxe e pensión completa por 133 euros. E Modalidade D que inclúe aluguer de equipo de snowboard, viaxe e pensión completa por 185 euros.

Os interesados en participar deberán formalizar a súa ins-



crición do 6 ó 26 de febreiro.

Teñen preferencia os empadroadosen Mos e a admisión será por rigorosa orde de entrada no Rexistro do Concello ata cubrir o límite de prazas. A lista de admitidos publicarase o 27 de febreiro no concello, na OMIX ou na web do Concello.

Os destinatarios son persoas maiores de 18 anos, preferentemente empadroados en Mos. O mínimo de persoas para que se realice a excursión será de 35 e máximo de 55 persoas. No caso de quedar prazas vacantes, poderán asistir maiores de 35 ou que non figuren empadroados en Mos.

Aprobadas as expropiacións para a ampliación do paseo do Louro

O Pleno da Corporación Municipal mosense aprobou inicialmente por maioría, na sesión ordinaria celebrada o pasado 29 de xaneiro, o proxecto de expropiación da obra para a ampliación da senda fluvial do río Louro, dende o Camiño de Lagoal na parroquia de Louredo.

No proxecto de expropiación aprobado inclúense as parcelas afectadas, os metros afectados de cada parcela, os titulares das mesmas e a valoración económica dos metros cadrados a expropiar. Dito acordo plenario estará en exposición pública durante 20 días dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP), período durante o cal os propietarios poderán formular as alegacións que estimen oportunas. A continuación procederase á aprobación definitiva e por último sinatura por parte dos propietarios da acta de ocu-



Reunión informativa cos veciños da parroquia de Louredo realizada o pasado mes de decembro.

pación, tras a que se fará efectivo o acto de ocupación das parcelas por parte do Concello, previo pago do importe correspondente aos titulares expropiados. Nese momento os terreos expropiados pasan a ser titularidade do Concello e xa se poderían comezar as obras de ampliación do Paseo do Louro.

Dentro das actuacións programadas, proxéctanse dous novos tramos de senda, os cales estarán conectados entre si por itinerarios naturais. O primeiro tramo, de 622 m de lonxitude, parte do Camiño de Lagoal e finaliza onde discorre un sendeiro existente. Este primeiro tramo sitúase fóra do DPH e mellora o acceso ao Muíño Novo e ao Muíño do Lagoal. A uns 150 m deste primeiro tramo, debido á gran pendente do terreo, deseñouse unha adecuación ambiental do carreiro existente, mediante a execución de banzos con materiais naturais, como rollos de madeira e xabre estabilizado, así como elementos de apoio consistentes en postes de madeira e cordas de agarre. Como alternativa a este tramo máis difícil, proxectouse un ramal de unión cun camiño existente, máis afastado do río, que é máis accesible para as persoas de mobilidade reducida. O segundo tramo, de 150 m, parte do sendeiro existente e permitirá pasear preto do río e

chegar á contorna do Muíño Branco, onde a servidume próxima ao río permite o tránsito ao Camiño de Noveleda. O proxecto prevé, ademais, a execución de plantacións de especies vexetais compatibles cos valores naturais da contorna. Os traballos tamén incluírán o desbroce e limpeza do só do entorno respectando o bosque de ribeira e especies locais e eliminando especies invasoras, mellorando o contorno. Acometeranse así mesmo solucións de drenaxe para resolver a saída das augas e mellora da sinalización e posta en valor dos elementos patrimoniais abandonados.

O investimento previsto é de 210.000 euros, que será sufragado ao 50% entre ambas Administracións, e o prazo de execución estímase en 4 meses.

As obras levan un procedemento de licitación do que se encarga directamente a Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Organismo que aprobou o proxecto de ampliación do sendeiro presentado polo Concello.

Os obxectivos da actuación son dar continuidade á senda fluvial actual de 3 km, entre o Camiño da Gata e o Camiño de Noveleda. O novo tramo de senda fluvial facilita a accesibilidade peonil dende o Camiño de Noveleda ata o Camiño Lagoal nunha lonxitude dun 1 km.

50 novas prazas de aparcamento gratuito en Salceda

O Concello de Salceda de Caselas está a rematar a adecuación de novas zonas de aparcamento detrás da Praza de Abastos. Os novos espazos, que suman un total de 2.270 metros cadrados e supoñen a creación de máis de 50 novas prazas de aparcamento gratuito en pleno casco urbano, estarán dispoñibles para ser usados xa nestes días de Entroido, en que afluencia a Salceda de Caselas se prevé multitudinaria. O proxecto levouse a cabo grazas á colaboración dos propietarios dos terreos que, en diálogo constante coas Concellarías de Tráfico e Vías e Obras, ceden o uso dos mesmos de xeito totalmente altruísta para a crea-



Marcos Besada, Jose Luis González e Miguel González visitan a nova zona de aparcamento

ción de novas prazas de aparcamento públicas.

Con estes son xa 13 os aparcamentos esparcidos por todo o núcleo urbán en zonas comerciais e administrativas. Estas áreas resultan fundamentais para a axilización do tráfico e para seguir a conseguir unha maior calidade

de vida na vila.

Miguel González, Concelleiro de Vías e obras: "seguimos a ordenar un casco urbano castigado durante anos pola construción descontrolada e as rúas estreitas. Damos un paso máis no noso obxectivo de conseguir unha vila sen atrancos nin restricións".

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Medallas para o Atletismo Trega no XXIX Campionato Galego de marcha en ruta

Gran actuación da escola de atletismo Trega de Tomiño no XXIX Campionato Galego de Marcha en Ruta celebrado a pasada fin de semana en Aldán. Unha vez máis os irmáns Sierpes compartiron podio, mentres que Emilia Rodríguez conseguía tamén quedar entre os tres primeiros cunha magnífica carreira.

Os irmáns Sierpes Pereira competían na distancia de 2 quilómetros en ruta sobre asfalto nun circuíto ao que tiveron que dar dúas voltas. Christian saíu dende o principio a pola victoria, impondo o seu ritmo e un claro dominio que o levarían a proclamarse como campión galego dos 2 quilómetros alevín masculino (mixto) en ruta cun

tempo de 10'31". Cun crono de 10'50" facíase coa prata Álex Sierpes e proclamábase subcampión galego.

Pola súa banda, a marchadora Emilia Rodríguez arrancou na saída disposta a dar moita guerra e, a pesar da intensa choiva, loitou polo segundo posto ata o quilómetro 8. Tras dez voltas ao circuíto, a atleta conseguía



o bronce na categoría de master veteranas, cunha clara

vantaxe sobre a cuarta clasificada da categoría.

O Concello ofertará 18 postos para desempregados con cargo ao Plan Concellos

O Concello da Guarda ven de solicitar á Deputación de Pontevedra unha subvención para a contratación laboral temporal de 18 persoas desempregadas, con cargo ao Plan Concellos 2018.

As prazas ofertadas destinaranse a traballos de conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, cunha duración máxima de 9 meses, para o que se solicitarán dous axudantes para a recollida do lixo, persoal para a limpeza das praias (4), dous varredores, técnicos de turismo (1), informática (1), emedio ambiente (1), tres peóns forestais, un oficial e un axudante de albanería, un auxiliar para o Centro Cultural e un conserxe

para o Castelo de Santa Cruz.

As persoas interesadas nalgúns dos postos ofertados deberán estar inscritos no Servizo Público de Emprego (SEPE) como demandantes e dados de alta no Código Nacional de Ocupación (CNO) correspondente á praza que desexan solicitar.

O SEPE realizará unha sondaxe para localizar, en base aos seus datos, ás persoas candidatas que reúnan os requisitos, de xeito que é moi importante que os interesados estean inscritas no CNO asociado ao posto do seu interese. Para coñecer o código que corresponde, os e as interesadas poden achegarse á Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL) do Concello da Guarda.

A OMIX ofrece un curso de monitor de tempo libre e un obradoiro de galletas en marzo

A Concellería de Xuventude, a través da Oficina de Información á Xuventude (OMIX) da Guarda, lanza dúas novas propostas de accións formativas e lúdicas que darán comezo en marzo: un curso para a obtención do título de monitor/a de tempo libre e un obradoiro de cociña orientado á elaboración de galletas.

O curso para a obtención do título de monitor/a de tempo libre impartirase as fins de semana dende marzo e incluírá, como novidade, a formación e certificación de manipulador/a de alimentos. As clases teóricas terán lugar no an-

tigo colexio Sinde e durarán ata comezos do mes de xuño, reservando o verán para a realización das prácticas. O custe do curso, homologado pola Xunta de Galicia e con prazas limitadas, será de 175 euros por persoa.

O obradoiro de elaboración caseira de galletas ofrecerá unha opción de cociña creativa e apetitosa para elaborar doces. O taller desenvolverase en tres sesións, previsiblemente, durante os luns do mes de marzo en horario de 19 a 21 h. O prezo da actividade será de 28 euros por persoa, con todo o material necesario incluído.

O MASAT e o Museo do Mar volven ao seu horario habitual

O Museo Arqueolóxico do Monte Santa Trega (MASAT) e o Museo do Mar volverán abrir as súas portas no seu horario habitual, tras o paro de inverno.

O MASAT retoma a súa actividade de martes a domingo en horario de inverno (de 11:00 a 17:00 horas), namentres o Museo do Mar pode visitarse as fins de semana (sábados e domingos) e días festivos, en horario de mañá (de 11:00 a 14:00 h) e de tarde (de 16:00 a 19:00).



REFORZO ESCOLAR · IDIOMAS · TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA · TALLERES INFANTÍLS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDIOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
654 07 57 51

Talleres Guiller Motor

Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Tel / Fax 986 66 15 41

SPG TALLERES

A GUARDA

O Concello e a Xunta acordan as necesidades de reforma para a mellora dos CEIP da Guarda

A concelleira de Educación, María Elena Baz, reuniuse o 1 de febreiro en Vigo co xefe territorial de Educación en Pontevedra, César A. Pérez Ares, para trasladarlle as demandas esixidas polos centros de educación infantil e primaria da Guarda.

Neste encontro acordouse a prioridade e urxencia de accións que, como a da reparación dunha das cubertas do CEIP A Sangriña, serán

acometidas durante o presente curso. A edil recalcou ao delegado da Xunta o feito de que dous dos centros de ensino público guardeses contan con máis de 25 anos de antigüidade, de xeito que precisan de obras de mellora e mantemento -como a reforma dos baños e outras estancias- similares ás que a Consellería de Educación ten realizado noutros centros da comarca.



Próximamente, o equipo técnico da Xunta visitará A Guarda para estudar as necesidades dos colexios e deter-

minar as posibilidades da institución autonómica de atender ás distintas demandas trasladadas.

Abre o prazo para solicitar a axuda autonómica para persoas con fillos menores de 3 anos

O 1 de febreiro abríase o prazo para solicitar a prestación económica de pagamento único de entre 360 e 2.400 euros para familias con fillas ou fillos menores de 3 anos, que concede a Xunta de Galicia.

Poderanse beneficiar desta axuda as persoas con cativos nados entre o 2 de xaneiro de 2015 e o 1 de xaneiro de 2018 (ambos incluídos), que non tivesen obriga de presentar a declaración do IRPF do ano 2016 nin se tivese presentado de xeito voluntario aínda sen estar obrigados.

O prazo para a presentación das solicitudes rematará o 21 marzo. Para máis información sobre os requisitos e o procedemento para a tramitación, as persoas interesadas poden dirixirse ó departamento de Servizos Sociais do Concello da Guarda, no teléfono 986 61 45 07 ou ben presencialmente.

O Pleno do Concello da Guarda aproba a cesión do Centro de Saúde ao SERGAS

O Pleno do Concello da Guarda aprobou por unanimidade o pasado 26 de xaneiro a cesión gratuíta do Centro de Saúde da Guarda á Consellería de Sanidade, proposta pola alcaldía.

A cesión posibilitará, na práctica, que a entidade dependente da Xunta de Galicia se faga cargo do mantemento das instalacións nas que se ofrece o servizo sanitario de competencia autonómica. Isto suporá un aforro de aproximadamente 23.000 euros anuais para as arcas municipais, que ata o de agora sufragaban o custe do

combustible, o consumo eléctrico, a man de obra e os materiais para a reparación de avarías, entre outros conceptos.

A proposta da alcaldía basease no Protocolo asinado en 2008 entre a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Consellería de Sanidade no que se establece o procedemento para a asunción dos gastos dos centros de saúde por parte da Consellería, previa cesión ao SERGAS.

Tras anos traballando no proceso de cesión patrimonial, e unha vez superadas os inconvenientes formais para a con-



cesión efectiva, o equipo de goberno logrou sacar adiante por unanimidade a iniciativa. A solicitude da cesión será enviada, xunto coa documentación requirida, á Consellería de Sanidade para que proceda á súa revisión e, unha vez aprobada, procederase á sinatura do convenio de cesión, facéndoa efectiva.



NOVAS DA RAIÁ

TOMIÑO

Tomiño presenta a senda do Miño en Madrid

A alcaldesa de Tomiño, Sandra González reuniuse en Madrid co Subdirector Xeral para a Protección da Costa, Ángel Muñoz Cubillo, para presentarlle o proxecto da Senda do Miño, unha senda de 15 quilómetros de lonxitude á beira do río que prevé estenderse dende a ponte internacional da Amizade, en Tomiño, ata Tui.

A alcaldesa estivo acompañada na visita ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente pola xefa do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, Cristina Paz-Curbera; polo concelleiro de Planificación Territorial, Uxío Benítez, e por un dos técnicos redactores do proxecto.

Durante a reunión o Subdirector Xeral de Protección da

Costa recoñeceu que se trata dun proxecto importante e interesante que se desenvolve “nunha zona de gran valor ecolóxico e medioambiental” e amosou a disposición do Ministerio a establecer puntos de colaboración no futuro.

Pola súa banda, a alcaldesa de Tomiño manifestou a súa satisfacción pola boa acollida do proxecto. “Dende o goberno



local estamos moi satisfeitos porque é importante que un organismo público da relevancia do Ministerio nos dea o seu apoio, xa que serve para

visibilizar non soamente o río Miño senón tamén o propio concello de Tomiño”, asegurou Sandra González tras a reunión en Madrid.

A Xunta entrega a Protección Civil de Tomiño un novo desfibrilador

Tomiño conta dende este mércores cun novo desfibrilador, que nesta ocasión será empregado polos voluntarios e voluntarias de Protección Civil da localidade. Este novo aparato súmase aos tres desfibriladores cos que xa conta a vila, que están situados nos campos de fútbol da Carballa, do Alivio e de Goián e cos que se buscaba dotar a estas dependencias polas que pasa un gran número de persoas do material indispensable para atender

calquera incidencia.

Dende o concello considérase fundamental que o servizo de Protección Civil contara cun desfibrilador portátil que se poida empregar nos distintos eventos nos que colabora, xa que empregando este aparello nos 10 minutos posteriores ao inicio dunha parada cardio-respiratoria as posibilidades de supervivencia do paciente aumentan ata un 70%.

Formación

Membros de Protección Civil de Tomiño acudiron á Acade-

mia Galega de Seguridade Pública, Agasp, da Estrada para recoller o desfibrilador e recibir a formación e acreditación do persoal para o seu correcto uso. O aparato entra dentro dos outros 157 desfibriladores que a Xunta de Galicia entregou este mércores aos corpos de bombeiros comarcais, GES e Protección Civil no marco da aposta do goberno autonómico por dotar os corpos de emerxencias dos concellos galegos cos mellores equipos para unha rápida resposta



ante posibles sucesos.

Tras a aprobación do Decreto 38/2017 polo que se regula a instalación e o uso de desfibriladores externos fóra do ámbito sanitario, a Xunta implantou en Galicia un total

de 2.161 desfibriladores e certificou a 17.750 persoas en soporte vital básico e uso de DESA. Na actualidade, 24.000 persoas morren cada ano en España a causa dunha parada cardio-respiratoria.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓNES COAS INSTITUCIÓNES PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B · 36860 PONTEAREAS · T. 986 66 00 00 · F. 986 66 01 03

PORTUGAL

Valença vira-se para o rio

A valorização da Área de Lazer da Pesqueira dos Frades, em Ganfei, é a nova aposta da Câmara de Valença na estratégia de aproximação e valorização do rio Minho.

Novo Cais de Atracagem, recuperação da antiga Pesqueira, valorização da rampa de acesso ao rio, novo percurso da ecovia e intervenção em toda a área de lazer pretendem potenciar esta zona de lazer.

Os paramentos em pedra da secular Pesqueira dos Frades recuperaram a posição inicial permitindo, hoje, termos a noção exata da dimensão e imponência desta pesqueira. Toda a estrutura em pedra foi reposicionada e consolidada.

A pesqueira dos Frades, em Ganfei, é uma das mais emblemáticas de Valença, a que



se associam, sobretudo, a de São Pedro da Torre e a da Gíngleta em Verdoejo..

A rampa de acesso ao rio Minho vai ser alvo de uma intervenção de fundo de modo a proporcionar melhores condições e segurança nas manobras de acesso de embarcações ao rio. Um desejo antigo dos pescadores locais, sobretudo na época do sável e savelha, a época do ano que

mais embarcações tem na faina nesta área do rio Minho.

Na parte sul da zona de lazer vai ser implantado um Cais de Recreio destinado às embarcações de recreio e lazer.

O novo percurso verde paralelo ao rio, entre o Cais em Valença e a Ecopista do Rio Minho, em Verdoejo, vai colocar a Pesqueira dos Frades como um dos grandes atrativos das vias verdes de Valença.

Autarquia divulga programa de financiamentos do Portugal 2020

A Câmara Municipal de Monção promoveu, em parceria com o Instituto de Soldadura e Qualidade (ISQ), uma sessão de esclarecimento sobre o Aviso de Concurso do Portugal 2020. Decorreu, na Biblioteca Municipal com a presença de empresários locais

Na abertura da sessão, António Barbosa, referiu que esta iniciativa do município tem como finalidade sensibilizar o tecido económico local, nas mais variadas vertentes de intervenção, para as oportunidades de financiamento geradas pelo Programa Portugal 2020.



Orçamento Participativo Transfronteiriço Cerveira-Tomiño com oito propostas a votação

Pela segunda vez, os cidadãos de Vila nova de Cerveira e de Tomiño são chamados a eleger três projetos no âmbito do Orçamento Participativo Transfronteiriço (OPT) 2018. No total, foram colocados a votação, até 20 de fevereiro, oito propostas de cooperação diferentes apresentadas por um total de 12

entidades e dois cidadãos dos municípios envolvidos.

Durante dois meses, cerveirenses e tomiñenses recenseados nos respetivos concelhos são convidados a aceder à plataforma eletrónica do OPT (<http://participacerveiratomiño.eu/>) e votar em três projetos – um por área de intervenção Educação e Cultura, Território

e Ambiente, Desporto e Lazer – mediante o grau de importância e impacto no fortalecimento da cooperação transfronteiriça existente.

Oito proxectos a escolher

Entre os proxectos apresentados para esta segunda edición está a organización de actividades artísticas dirixidas á poboación escolar de Vila Nova

de Cerveira e de Tomiño ou un intercambio musical transfronteiriço entre a Escola de Música de Goián

e a Academia de Música Fernandes Fão.

No âmbito desportivo a cidadania terá que escolher entre a creación dunha pista en

terra batida para a práctica e o fomento do BTT&Traill Running a ambos dous lados do Miño ou o fomento de deportes náuticos entre mozos e mozas en risco de exclusión social.



CONFITERIA

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

AGROITIS

Análises de Viño - Asesoramento Técnico
Productos Agrícolas, Enolóxicos e fitosanitarios

986 642 507

Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo
Ctra. de Salvaterra Ponteareas



A Mostra de Cultivos cumpre 15 anos poñendo en valor a historia do agro no Baixo Miño

A Mostra de Cultivos do Baixo Miño quenta motores para celebrar a súa décimoquinta edición con moitas novidades. Organizada de forma conxunta pola Asociación de Cultivos do Baixo Miño (Acubam) e polo concello de Tomiño, a mostras celebrárase os próximos 2, 3 e 4 de marzo no pavillón municipal de Goián e terá como eixo central a historia do agro na comarca, facendo un percorrido polo que é, o que representa na actualidade e cara a onde camiña a través de diversas actividades.

Desta maneira, a mostra achegará ao público participante aos inicios do agro no Baixo Miño cunha exposición fotográfica das principais épocas do sector, que permitirá apreciar a súa evolución ata hoxe en día e servirá para facer unha radiografía do presente a través dos preto de 30 expositores que estarán no evento. O futuro chegará un ano máis da man de Acubam Inno-

vación, un certame que alcanza a súa terceira edición recollendo innovacións tecnolóxicas aplicables a calquera elo da cadea de valor do agro na comarca.

Novidades

A XV Mostra de Cultivos do Baixo Miño chega con varias novidades na súa programación. Entre elas, a presentación da apertura da convocatoria e as bases de participación dos Premios Xardinería 2018, organizados por primeira vez por Acubam e pola Asociación Galega de Empresas de Xardinería (Agaexar).

Nesta décimoquinta edición Acubam quere fomentar a responsabilidade civil da asociación e achegarse máis á sociedade da comarca e farao colaborando co centro de educación especial San Xerome, da Garda. Durante toda a xornada do domingo 4 de marzo, o alumnado deste centro venderá na mostra os produtos doados polos expositores, para recadar fondos para o proxecto

de reforma dunha bañeira terapéutica nesta entidade.

Programa

A mostra contará un ano máis con conferencias e xornadas técnicas especialmente dirixidas aos profesionais do sector, pero que tamén están abertas ao público en xeral. Así, o evento arrincará o venres 2 de marzo ás 11.30 horas coa mesa técnica sobre sanidade vexetal, que reunirá a importantes expertos na materia para debater sobre a importancia do diagnóstico e a definición dos protocolos de actuación na loita contra pragas, facendo especial mención ao caso Xylella. A programación continuará pola tarde, ás 16.00 horas, cunha mesa sobre o modelo de negocio no agro na que se profundará na necesidade de potenciar a profesionalización do sector a través da mellora de competencias e capacidades dos xerentes das empresas e no que se estudarán diversas fórmulas de éxito no ámbito

da xestión empresarial.

O sábado 3 de marzo dedicárase a mañá ao acto inaugural da mostra para dar paso pola tarde (16.30 h) a unha xornada sobre a auga no rural, na que a asociación Coxapo divulgará a importancia dunha óptima xestión da auga e abordará temas como os plans hidrolóxicos, as regulacións nos plans de seca, a garantía sanitaria do recurso ou o problema do radón en Galicia. Esa mesma tarde o público tamén poderá participar nun taller de empleabilidade (16.00 h) e noutro de xardinería ecolóxica (16.30 h) impartido pola Fundación Sales e a Asociación Española de Xardinería Ecolóxica e dirixido a público de todas as idades.

A última xornada da mostra, o domingo 4 de marzo, estará máis centrada en actividades para toda a familia, coa celebración por exemplo dunha actividade lúdica con talleres ecolóxicos, probas físicas, talleres de reciclaxe e xogos tradicionais para espertar entre os e as participantes a curiosidade polo sector e dirixido pola granxa escola Corazón de Carballo. A mostra terminará cunha actuación do grupo Rock Percusión, integrado por alumnado do centro San Xerome, a partir das 19.00 horas.

Ao longo dos tres días que dura a mostra, o público tamén poderá gozar dunha exposición de arte do Colectivo Somosarte, composto por artistas, escultores e pintores locais que mostrarán as súas obras vinculadas á temática do agro no Baixo Miño.

